

BOLETÍN DE INSCRICIÓN

NOME DO AUTOR

.....

APELIDOS

.....

ENDEREZO

.....

TELÉFONO

.....

LOCALIDADE

.....

PROVINCIA

.....

MODALIDADE: PINTURA ☐ POESÍA ☐

TÍTULO DA OBRA

.....

TÉCNICA

.....

DIMENSIÓNS

.....

DATA


.....

SINATURA

.....

D.L.: PO-534-2012

galicia



BASES DO CERTAME

Poderán concorrer ao certame Cores con Palabras todas aquelas persoas maiores de 55 anos que presenten obras pictóricas ou poéticas orixinais.

Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras por categoría que serán inéditas e de temática libre.

CATEGORÍA PICTÓRICA

As técnicas que se poden utilizar son pintura acrílica, óleo ou técnica mixta sobre lenzo ou táblex. As súas dimensións serán, como mínimo, 25 F (81x65 cm) e, como máximo, 100F (165x130 cm).

As obras deberán levar marco ou bastidor e presentaranse coa embalaxe protectora suficiente para o seu traslado.

CATEGORÍA POÉTICA

Os poemas deberán estar escritos en lingua galega. O tema, rima e métrica serán libres, cunha extensión máxima de 30 versos.

DOCUMENTACIÓN

Xunto coas obras, en cada categoría achegarase o boletín de inscrición debidamente cuberto, cos datos identificativos do autor, título da obra etc. así como unha fotocopia do carné de identidade do autor.

DATA E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS OBRAS

As obras poderanse entregar do 18 ao 24 de outubro do presente ano, ben mediante mensaxeiro, ben persoalmente en horario de 9 a 14 horas no:

CENTRO DE ANIMACIÓN E ARTES PLÁSTICAS TOGARIÑOS

Avda. de Vigo, 25 Baixo
36680 A Estrada (Pontevedra).

Os gastos de entrega e recollida das obras serán por conta de cada participante.

A responsabilidade civil subsidiaria recaerá nos participantes.

EXPOSICIÓN

Entre todas as obras presentadas, levarase a cabo unha selección en cada categoría das 50 obras de maior calidade, técnica e orixinalidade que pasarán á fase final do certame e formarán parte, ademais, do libro *Cores con palabras* que se publicará con motivo dunha exposición final nunha sala reservada para o efecto.

XURADO

A composición do xurado darase a coñecer o día da entrega de premios e estará composto por destacados persoeiros do mundo da plástica e poética galega, así como por membros da organización.

PREMIOS

Establécense 3 premios por categoría (1.º, 2.º e 3.º) que serán entregados o día da inauguración da exposición e que consistirán nunha placa conmemorativa e diploma acreditativo, así como unha reprodución do *Códice Calixtino*.

A presentación ao certame supón a total conformidade dos participantes coas presentes bases e a organización resérvase o dereito de interpretarlas ante calquera dúbida.

INFORMACION COMPLEMENTARIA

Centro Togariños

Teléfonos:

986 57 25 46

671 90 00 78

667 09 19 52